# EN PROCESO

## O TRABALLO POR PROXECTOS A PARTIR DAS OBRAS DE MUNTADAS

### TALLER PARA PROFESORADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA




---

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Sábado, 28 de abril de 2018

Horario: de 11:00 a 13:30 h e de 16:00 a 18:30 h
Dirixe: Silvia García

É posible empregar a arte contemporánea como un recurso transversal na aula? Trataremos de responder a esta pregunta ao longo deste taller teórico-práctico no que traballaremos con distintos procesos de creación empregados na arte contemporánea. A partir da exposición de Antoni Muntadas no CGAC, *Estratexias do desprazamento*, exploraremos algúns dos conceptos presentes no traballo deste artista para desenvolver actividades e procesos que se poden levar a cabo na aula no contexto do traballo por proxectos.

Traballaremos con algunhas ferramentas propias da arte contemporánea como a reutilización de imaxes, os mapas, os arquivos, as instrucións ligadas á *performance* e ás estratexias espaciais.

Centrarémonos nos proxectos sobre procesos sociais como a inmigración, as fronteiras e os refuxiados buscando afondar no traballo de distintos colectivos para enlazar finalmente con propostas biográficas ligadas á arte contemporánea.

1. **A paisaxe e a mirada**. Alén dos estereotipos
2. **Derivas urbanas e non tan urbanas**. A reflexión sobre o noso contexto máis próximo: o cotián, o urbanismo e o espazo público
3. **En proceso**. Os procesos do traballo na arte contemporánea, a investigación que hai detrás do obxecto artístico e o táctil
4. **A arte require implicación**. A mirada activa e o activismo
5. **O medo**. A outredade e o diálogo

Empregaremos imaxes procedentes de arquivos e medios audiovisuais e tomaremos como referencia libros de artista, *fanzines* e novelas gráficas.

**SILVIA GARCÍA GONZÁLEZ** (Cangas do Morrazo, 1973)
É doutora en Belas Artes, artista visual, profesora de Belas Artes da Universidade de Vigo e, na actualidade, decana na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Como artista levou a cabo

Es posible emplear el arte contemporáneo como un recurso transversal en el aula? Trataremos de responder la esta pregunta a lo largo de este taller teórico-práctico en el que trabajaremos con distintos procesos de creación utilizados en el arte contemporáneo. A partir de la exposición de Antoni Muntadas en el CGAC, *Estrategias del desplazamiento*, exploraremos algunos de los conceptos presentes en el trabajo de este artista para desarrollar actividades y procesos que se pueden llevar a cabo en el aula en el contexto del trabajo por proyectos.

Trabajaremos con algunas herramientas propias del arte contemporáneo como la reutilización de imágenes, los mapas, los archivos, las instrucciones ligadas a la *performance* y a las estrategias espaciales.

Nos centraremos en los proyectos sobre procesos sociales como la inmigración, las fronteras y los refugiados buscando ahondar en el trabajo de distintos colectivos para enlazar finalmente con propuestas biográficas ligadas al arte contemporáneo.

1. El paisaje y la mirada. Más allá de los estereotipos
2. Derivas urbanas y no tan urbanas. La reflexión sobre nuestro contexto más próximo: el cotidiano, el urbanismo y el espacio público
3. En proceso. Los procesos del trabajo en el arte contemporáneo, la investigación que hay detrás del objeto artístico y el táctil
4. El arte requiere implicación. La mirada activa y el activismo
5. El miedo. La otredad y el diálogo

Emplearemos imágenes procedentes de archivos y medios audiovisuales y tomaremos como referencia libros de artista, fanzines y novelas gráficas.

SILVIA GARCÍA GONZÁLEZ (Cangas do Morrazo, 1973)
Es doctora en Bellas Artes, artista visual, profesora de Bellas Artes de la Universidad de Vigo y, en la actualidad, decana en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Como artista ha llevado a cabo

intervencións como *A cidade dende dentro* e *A cidade dende fóra*, na biblioteca da Facultade de Filosofía da USC e nunha escola abandonada en Bueu. No Museo de Arte Contemporáneo da Coruña participou na exposición *Relatos privados e espazos públicos* e na exposición *Hacer, diseñar, pensar* do Museo de Artes Decorativas de Madrid.

Entre os seus proxectos artísticos máis recentes destacan *Rastro material* e *Relecturas da feminidade*.

**OBXECTIVOS**
O obxectivo deste curso é a creación de espazos comúns entre os eidos da arte e da educación, converter a educación artística nun eixo aglutinador e empregar a arte contemporánea como recurso educativo fomentando deste xeito a aprendizaxe, a experimentación e o diálogo.

intervenciones como *A cidade dende dentro* y *A cidade dende fóra*, en la biblioteca de la Facultad de Filosofía de la USC y en una escuela abandonada en Bueu. En el Museo de Arte Contemporáneo de A Coruña participó en la exposición *Relatos privados e espazos públicos* y en la exposición *Hacer, diseñar, pensar* del Museo de Artes Decorativas de Madrid.

Entre sus proyectos artísticos más recientes destacan *Rastro material* y *Relecturas de la feminidad*.

OBJETIVOS
El objetivo de este curso es la creación de espacios comunes entre los campos del arte y de la educación, convertir la educación artística en un eje aglutinador y emplear el arte contemporáneo como recurso educativo fomentando de este modo el aprendizaje, la experimentación y el diálogo.

**DESTINATARIOS**
O taller está dirixido a profesores de educación primaria e secundaria.

**INSCRICIÓN**
As persoas interesadas poden inscribirse enviando un correo electrónico antes do 25 de abril ao enderezo cgac.pedagogia@xunta.gal. As solicitudes deberán incluír os seguintes datos: nome completo, enderezo electrónico e teléfono de contacto da persoa que desexa participar.
As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas solicitantes recibirán un correo electrónico de confirmación.

**PRAZAS:** 20

**MATRÍCULA:** De balde

**CERTIFICACIÓN**
O CGAC entregaralles un certificado ás persoas que asistan á totalidade das sesións.

**COORDINACIÓN:** Gema Baños

DESTINATARIOS
El taller está dirigido a profesores de educación primaria y secundaria.

INSCRIPCIÓN
Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico antes del 25 de abril a la dirección cgac.pedagogia@xunta.gal. Las solicitudes deberán incluir los siguientes datos: nombre completo, correo electrónico y teléfono de contacto de la persona que desea participar.
Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas solicitantes recibirán un correo electrónico de confirmación.

PLAZAS: 20

MATRÍCULA: Gratuita

CERTIFICACIÓN
El CGAC entregará un certificado a las personas que asistan a la totalidad de las sesiones.

COORDINACIÓN: Gema Baños

CGAC | 25 ANIVERSARIO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.gal
www.cgac.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA galicia